

DÍA DE EUROPA NO IES RIBADEO, ESCOLA EMBAIXADORA DO PARLAMENTO EUROPEO

Durante estes días e ata o 9 de maio, o IES Ribadeo Dionisio Gamallo levará a cabo unha serie de actividades con motivo do DÍA DE EUROPA, no seu papel como unha das 6 escolas galegas Embaixadoras do Parlamento Europeo.

Durante a semana do 25 ao 29 de abril, varios alumnos e alumnas se desprazarán ata o concello de Ribadeo para recabar información sobre o proxecto de dixitalización de documentación realizado con Fondos Europeos e sobre o que están elaborando un informe.

O martes 26 alumnado participante no **PROXECTO TAEUS** terá a súa 3ª sesión on line cos coordinadores do equipo **INGALICIA**

O venres **29 abril** o eurodiputado **Nicolás González Casares** visitará o centro e falará co alumnado sobre contidos europeos, situación actual, futuro, participación cidadá,...

Baixo a coordinación de EUROPE DIRECT A CORUÑA, realizaremos unha exposición e un vídeo divulgativo sobre algúns aspectos do **PACTO VERDE EUROPEO**.

O **9 de maio** alumnas embaixadoras junior traballarán co alumnado de 1º ESO diversos xogos que teñen a Europa como protagonista; estas mesmas alumnas son as responsables da actualización do **TWITER** (Cosmopolitas1) no que comentamos noticias que teñen que ver coa realidade europea. Publicaremos tamén unha actividade conxunta con centros Embaixadores de toda España celebrando o ANO EUROPEO DA XUVENTUDE.

O mesmo 9 de maio durante o recreo, proxectaremos no patio de columnas unha selección de traballos e vídeos presentados a diferentes concursos e proxectos, exporemos no noso **INFOPOINT** o novo material divulgativo. Pola tarde, a partir das 15:30 alumnado de 1º BAC escoitará a **Iván Lombardero**, técnico medioambiental, sobre o presente e o futuro medioambiental da nosa sociedade.

O **20 de maio** teremos unha conexión coa sede do Parlamento Europeo para unha nova edición de **EUROSCOLA** en directo para uns 70 centros de ensino de Europa (7 centros españois). Será unha xornada de 2 horas (de 9:30-11:30) e estará dividida en 2 partes, unha primeira sobre Oportunidades e riscos da era dixital, e unha segunda sobre ciberseguridade, noticias falsas e o conflito entre as novas tecnoloxías e a democracia. O alumnado poderá formular reivindicacións e comentarios a través do chat e do vídeo en directo, e tamén coa aplicación Interactio.

Invitamos a toda a cidadanía a participar nestas actividades que pretenden contribuír a normalizar e potenciar os valores europeístas, solidarios e democráticos que a sociedade necesita, e favorecer así un progreso pacífico que permita construír a Europa do mañá nun mundo de cidadanía universal.

J. Manuel Yáñez Dablanca

Profesor de Filosofía e Coordinador de proxectos europeos